


AVALIACIÓN DE ACTIVIDADE FORMATIVA DENTRO DO PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (P.A.T.).

Logo da actividade de formación “**Alcohol e outras drogas**” pasóuselle un cuestionario ao alumnado de 4º da ESO para valorar o seu grao de satisfacción coa actividade, así como para coñecer o impacto que esta tivo na súa percepción sobre os riscos que o consumo destas sustancias comportan para a saúde. Os resultados aparecen resumidos a continuación:

Datos da mostra:


	Nº
Homes	7
Mulleres	8
Total	15

1. Valoración do interese da actividade: Unha ampla maioría dos participantes na actividade a valora como bastante (33%) ou moi interesante (53%), fronte a un 7% que a considerou nada interesante.




2. Ante a pregunta “¿Axudouche a actividade a ter un mellor coñecemento dos perigos do consumo de alcohol e tabaco?” Observamos que un 86% do alumnado participante considera que a actividade lle resultou útil para coñecer mellor os perigos que se derivan do consumo de alcohol e tabaco. Mentres que soamente un 7% estima que o contrario.

● SÍ ● NON ● Non contesta




Departamento de orientación_Plan de Acción Titorial.

Simultaneamente, un 47% do alumnado considera que despois da actividade é moito máis consciente dos riscos asociados ao consumo de alcohol, tabaco e outras drogas, un 27% considera que a charla lle axudou “Bastante” a ter unha maior percepción dos riscos do consumo destas sustancias, mentres que un 20% “Algo” e un 6% “Nada”.




Noutra orde de cousas, ante a pregunta “¿Despois da charla crees que tes un maior rexeitamento ao consumo de alcohol, tabaco e outras drogas?”, un 93% do alumnado cree que despois da charla ten un maior rexeitamento ao consumo destas sustancias.



Departamento de orientación_Plan de Acción Titorial.

Ademáis, ao facer unha análise en función da tipoloxía de droga, obsérvase que -en coherencia co que moitos dos participantes opinaban antes da actividade- as drogas que maior rexeitamento suscitan son o tabaco e outras sustancias (cannabis...).



Finalmente, un 93% do alumnado enquisado recomendaría esta formación para outras alumnos ou aos seus amigos/as.

